

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Cuevas Alonso, Miguel
García González, Silvia
Villanueva Villar, Mónica
Pereira Lorenzo, Nemesio
Soto González, María Mercedes
Davila Segade, Ruth
Alberte Pivida, Rodrigo

ESCUSAN

Currás Valle María, Consuelo
Martínez Martín, María José

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do xoves, **9 de febreiro de 2023**, ás 10:30 h en primeira convocatoria e ás 10:45 en segunda convocatoria

O día **9 de febreiro de 2023** ás 10:45 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2023.

O secretario xeral informa de que a acta foi actualizada respecto das persoas participantes, sen mais solicitudes de modificación.

Apróbase por asentimento.

2. Decisións a adoptar, se procede, sobre as consultas recibidas na Secretaría Xeral en relación coas eleccións a representantes de alumnado nos Consellos de Departamento da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que, respecto das persoas representantes de terceiro ciclo que non fixeron uso do dereito de opción, cando deben elixir o departamento de un dos directores/as de tese en caso de cotitorización, procederase a un sorteo na propia secretaría para adscribilos a un departamento concreto.

Apróbase por asentimento.

3. Resolución, se procede, das reclamacións aos censos provisionais das ditas eleccións.

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen informa de que se recibiron simplemente comunicacións respecto do dereito de opción, por lo que non hai, en sentido estrito, reclamacións sobre as que decidir, se non, simplemente, constatar a corrección das peticións de exercicio do dereito de opción recibidas, cumprindo todas elas os requisitos.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, dos censos definitivos das ditas eleccións.

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen indica que a aprobación dos censos e do sinalado no punto dous, require que a Secretaría Xeral incorpore no departamento correspondente ás persoas cuxa adscrición requira de sorteo.

Apróbase por asentimento, coa precisión indicada.

5. Sorteo de letra para a confección das papeletas das ditas eleccións (art. 9 do regulamento).

O reitor procede ao sorteo da letra, resultando a “O” como primeira letra e a “G” como segunda, se fose necesario.

6. Delegación na Secretaría Xeral, se procede, da proclamación provisional de candidatos e candidatas das ditas eleccións.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen explica que se trata dunha delegación habitual, para non ter que convocar á comisión ata a proclamación definitiva.

7. Quenda de intervencións.

O reitor agradece a súa presenza aos membros da comisión.

Non hai outras intervencións.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 h., do que eu, como secretario da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral